



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 01 DE XUÑO 2020

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/719/2019.- COLEGIO MAYOR SAN AGUSTIN (COMPAÑÍA DE JESÚS).- Conceder licenza para executar obras de adecuación funcional parcial do Colexio Maior Santo Agostiño sito na rúa de Santo Agostiño, 2 e rúa Virxe da Cerca, 31.

LIC/1651/2019.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS RUA SAMOS.- Conceder licenza para obras de rehabilitación para adecuación funcional de edificio sito na rúa de Samos, 6.

LIC/1884/2018.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS VISTA ALEGRE, 96-98.- Conceder licenza para obras de reforma dun edificio existente para a instalación dun ascensor, rehabilitación das fachadas e substitución de cuberta dun edificio sito na rúa Vista Alegre, 96-98.

2.- Adopción de medidas en relación coa crise sanitaria provocada por mor do "COVID-19".

Adoptáronse as seguintes medidas:

- En relación ao Mercado de Salgueiriños
 - Ampliar ata **un máximo de 104 postos** os espazos a asignar no recinto de Salgueiriños, nas condicións de seguridade esixidas polas ordes do Ministerio de Sanidade, segundo Plano que se achega.
 - **Ampliar o prazo de presentación de solicitudes** de renovación de autorizacións para a venda no mercado de Salgueiriños **ata o vindeiro 16 de xuño**.
 - Aqueles interesados que o estimen oportuno poderán acollerse ao pagamento fraccionado da taxa, mediante solicitude individual, a través do impreso normalizado facilitado polo servizo de xestión, recadación e inspección tributaria.

- Validar os contratos adxudicados pola Alcaldía mediante tramitación de emerxencia e de conformidade coa habilitación conferida pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 13/03/2020, que se indican a continuación:

- “Subministración dos equipos e sistema informático de xestión virtual de cita previa e quendas para as diferentes oficinas de atención ao público do Concello de Santiago de Compostela” (Equipo e material informático) adxudicado a TECNOLOGÍAS PLEXUS, S.L. por un prezo de 41.857,05 euros, IVE incluído (34.592,60 euros sen IVE).
- “Subministración e instalación de pantallas acústicas como material de protección entre o persoal da Banda do Concello de Santiago de Compostela (Subministración de mobiliario e complementos) adxudicado a GALLERY TRUMPETS, S.L. por un prezo de 6.328,35 euros, IVE incluído (5.230,04 euros, sen IVE).

3.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á concesión de licenza para executar obras de adecuación funcional parcial do Colexio Maior Santo Agostiño sito na rúa de Santo Agostiño, 2 e rúa Virxe da Cerca, 31. LIC/719/2019. Acórdase conceder a licenza.

4.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á concesión de licenza para obras de rehabilitación para adecuación funcional de edificio sito na rúa de Samos, 6. LIC/1651/2019. Acórdase conceder a licenza.

5.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á concesión de licenza para obras de reforma dun edificio existente para a instalación dun ascensor, rehabilitación das fachadas e substitución de cuberta dun edificio sito na rúa Vista Alegre, 96-98. LIC/1884/2018. Acórdase conceder a licenza.

6.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á sinatura do Convenio entre o Consorcio da cidade de Santiago e o Concello de Santiago de Compostela para a Redacción do Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Igrexa, Hospital Psiquiátrico e Mosteiro de Conxo cos seus xardíns e hortas, zona de acceso e núcleos de contorno PE-1R. (DAR/44/2018). Acórdase conceder ao Colexio Maior San Agustín (Compañía de Jesús), licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme ao Proxecto básico e de execución de obras de adecuación funcional parcial do Colexio Maior San Agustín, e adecuación funcional parcial do mesmo colexio, cun orzamento de execución material de 150.000 euros, coas seguintes condicións: as obras de escavación proxectadas realizaranse baixo a supervisión da arqueóloga municipal, polo que deberá comunicar, por escrito e con suficiente antelación, a data de inicio das obras á Sección Municipal de Arqueoloxía; a aparición de restos arqueolóxicos conleva a paralización inmediata das obras e a determinación da actuación arqueolóxica máis idónea a seguir; e deberán xustificar documentalmente a existencia de itinerario accesible desde o exterior.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural relativa á aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación de "obras de acondicionamento do entorno do Centro Sociocultural de A Gracia, mellora de accesibilidade no propio centro e creación dunha área de xogos e circuíto biosaludable nas inmediacións deste. POS + 2018". Apróbase o expediente, o gasto correspondente, e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 236.810 euros, IVE excluído (IVE 21% 49.730,10 euros).

8.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade Cidadán relativa ao contrato de servizos de xestión dos expedientes sancionadores por infraccións contra a normativa de tráfico vial urbano e calquera outra infracción nos ámbitos de seguridade, mobilidade, medio ambiente e servizos comunitarios do Concello de Santiago de Compostela. Acórdase propor ao órgano de contratación a adopción do acordo de levantar a suspensión do contrato de prestación do Servizo de xestión de expedientes sancionadores contra a normativa de tráfico vial urbano e calquera outra infracción no ámbito de seguridade, mobilidade, medio ambiente e outros servizos comunitarios, adxudicando á empresa Servicios de Colaboración Integral SLU, a partir do 1 de xuño de 2020.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade Cidadán relativa transmisión da licenza de taxi número 83, da titularidade de don José Antonio Brea Fraga, a favor de don Sergio López Otero. Apróbase autorizar a transmisión da licenza, coa advertencia de que o transmitente non poderá volver se titular doutra licenza de taxi neste municipio ata que transcorra un período de 5 anos dende a data de transmisión.

10.- Proposta da concelleira delegada de Modernización da Administración Pública relativa á presentación de candidatura á convocatoria de axudas fomento da conectividade a Internet das comunidades locais WIFI4EU. Acórdase autorizar a participación do Concello na 4ª convocatoria de axudas do proxecto Wifi4EU-2020-1, con arreglo ao mecanismo "Conectar Europa" no campo das redes transeuropeas de telecomunicacións, e optar á axuda para a implantación dunha rede municipal de acceso de calidade a internet mediante puntos WiFi

11.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación das Bases da convocatoria de subvencións a asociacións culturais 2020. Apróbanse as bases da convocatoria e autorízase o gasto de 50.000 euros. A contía máxima a conceder a cada solicitante será de 5.000 euros.

Esta convocatoria de subvencións ten por obxecto o fomento das actividades culturais organizadas polas entidades culturais sen ánimo de lucro do concello de Santiago de Compostela durante o ano 2020, coa finalidade de dinamizar a vida cultural no noso concello e estimular e apoiar os seus

Departamento de Prensa. Tfno: 981 54 31 09. Fax: 981 58 96 88. E-mail:
prensa@santiagodecompostela.org

proxectos e programacións culturais. As actividades obxecto de subvención van dirixidas á promoción de procesos e actividades culturais e artísticas de amplo espectro orientadas a todo tipo de públicos e idades relacionadas coas música, teatro, exposicións, cine, fotografías, conferencias, performances ou, en xeral, calquera acción cultural ou artística.

Poderán solicitar estas subvencións as asociacións culturais que non sexan beneficiarias de subvencións nominativas do Concello de Santiago de Compostela para o exercicio de 2020, e cumpran cos seguintes requisitos:

- Estar legalmente constituídas, e inscritas como tales no rexistro municipal de asociacións do Concello de Santiago de Compostela.
- Reflectir nos seus estatutos que entre os seus fins se atopa a realización, fomento ou divulgación de actividades culturais.
- Estar ao corrente das súas obrigas coa Seguridade Social, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Axencia Tributaria de Galicia e coa facenda local do Concello de Santiago de Compostela.
- Non atoparse en ningún dos supostos de prohibición para obter a condición de beneficiarias de subvencións establecida nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.
- Ter xustificado as subvencións concedidas polo Concello de Santiago de Compostela con anterioridade.
- Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas derivadas do reintegro de subvencións públicas.

O importe global do crédito destinado a financiar estas axudas é de 50.000 euros. A contía máxima a conceder a cada solicitante será de 5.000 euros.

As actividades subvencionables son todas aquelas:

- que teñan carácter cultural,
- que se executen dentro do termo municipal de Santiago de Compostela, e
- que sexan abertas ao público, que beneficien colectividade xenéricas de persoas e non estean destinadas exclusivamente a persoas socias da entidade.

Non serán subvencionables as actividades gastronómicas nin os cursos formativos.

As actividades subvencionadas deberán desenvolverse entre o 1 de xaneiro e o 18 de outubro de 2020. En xeral, son gastos elixibles aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido nestas bases reguladoras, en particular programación (por exemplo: cachés), persoal, produción, medios técnicos, promoción, publicidade ou gastos xerais, etc.

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no BOP da Coruña.

12.- Proposta relativa á validación de gastos correspondentes a contratos menores. Acórdase a validación e recoñecer as obrigas derivadas dos referidos gastos a favor de ISS FACILITY SERVICES, por importe de 6.968,39 euros.

13 a 71.- Proposta da concelleira delegada de economía e facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre bens inmobles, e no imposto sobre vehículos de tracción mecánica. Apróbese a proposta. (58 particulares, aos que en función da documentación presentada, se lles acepta ou se lles denega).

72.- Dación de conta das actas do Centro de Coordinación Operativo Local. Dáse conta.

73.- Dar conta das Resolucións das Concellerías Delegadas. Dáse conta.

URXENCIAS

- 1. Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación das Bases da convocatoria axudas de apoio a actividades culturais para o sector profesional 2020.** Apróbanse as bases da convocatoria e autorízase o gasto de 100.000 euros.

Esta convocatoria de subvencións ten por obxecto o fomento das actividades culturais organizadas polas persoas e entidades dedicadas profesionalmente á produción de actividades culturais e artísticas do concello de Santiago de Compostela durante o ano 2020.

O importe global do crédito destinado a financiar estas axudas é de **100.000** euros. A contía máxima que se concederá a cada solicitante será de quince mil (15.000) euros e en ningún caso excederá do 80% do orzamento da actividade (excluído o IVE).

As actividades subvencionables son todas aquelas:

- que teñan carácter cultural,
- que se executen dentro do termo municipal de Santiago de Compostela,
- que sexan abertas ao público, que beneficien colectividades xenéricas de persoas e non estean destinadas exclusivamente a persoas socias, partícipes ou clientes da solicitante. Non serán subvencionables as actividades gastronómicas nin os cursos formativos.

As actividades subvencionadas deberán desenvolverse entre o 1 de xaneiro e o 18 de outubro de 2020. O prazo para presentar as solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no BOP da Coruña.

- 2. Proposta de solicitude de aprobación das tarifas do encargo dos servizos da ORA e guindastre para o exercicio 2020.** Aprobación das tarifas anuais de actualización do servizo (o que a empresa lle cobra ao Concello por hora, que non é repercutible aos usuarios), quedando da seguinte maneira:
 - a. Custe servizo ORA: Tarifa /hora: 39,76 euros.
 - b. Custe servizo guindastre: Tarifa /hora: 40,66 euros.
 - c. Custe servizo depósito: Tarifa /hora: 36,33 euros.O custe anual do servizo sería de 1.811.027,04 euros.

- 3. Proposta de inicio de trámites para proceder á recepción das obras para a dotación de equipamentos de ocio (parque infantil) en Lavacolla.** Autorízase o inicio deses trámites, nomeando representante da administración ao técnico municipal e responsable das obras de referencia.

- 4. Proposta de aprobación de actividades organizadas no Espazo Apego:** Apróbanse as actividades para o mes de xuño.

- 5. Aprobación do procedemento, aprobación das bases e da convocatoria de subvencións para o fomento de programas e actividades en prol da igualdade efectiva entre mulleres e homes e das persoas do colectivo LGTBIQI (lésbico, gay, transexual, bisexual, queer e intersexual) e de prevención e loita contra as violencias machistas para o ano 2020.** Apróbanse as bases da subvención por un importe de 30.000 euros. A contía máxima da subvención por entidade solicitante é de 3.000 euros.

A convocatoria está dirixida a subvencionar programas e actividades que persigan o fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres e das persoas do colectivo LGTBQI, e a prevención e loita contra as violencias machistas. Contempla tres liñas de axudas:

- a. A programas e actividades de fomento da igualdade efectiva entre mulleres e homes
- b. A programas e actividades de fomento da igualdade efectiva das persoas LGTBQI
- c. A programas e actividades para a prevención das violencias machistas no municipio de Compostela

As subvencións outorgaranse mediante procedemento ordinario, tramitado en réxime de concorrencia competitiva. Poderá subvencionarse, ata esgotar o crédito dispoñible, o 100% do orzamento presentado, non podendo superar, en todo caso, a contía máxima da subvención por entidade, que é de 3.000 euros.

Consideraranse gastos subvencionables os gastos do persoal necesario para a execución das actividades; os gastos derivados da realización específica do programa ou actividade subvencionados (elaboración de materiais, publicidade, material de oficina, etc.); outros gastos correntes, que estean debidamente xustificadas e se consideren necesarios para o desenvolvemento da actividade ou programa subvencionable.

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días naturais, contados a partir do seguinte á publicación da convocatoria no BOP.

6. Recoñecementos extraxudiciais de crédito

- Gastos por prestación do servizo de alugueiro dos locais de autobuses, durante o mes de abril de 2020, e aprobación de indemnización substitutiva por importe de 6.624,29 euros a favor da Sociedade Municipal de Xestión de Transporte Urbano.
- Gastos por prestación do servizo de alugueiro de apuntalamento do muro de Bonaval, no período de xaneiro a marzo, de 2020, e aprobación de indemnización substitutiva por importe de 10,708,20 euros a favor de Estructuras y Montajes Prefabricados.
- Gastos por prestación do servizo de lavado de vehículos da Policía Local, de xaneiro a febreiro de 2020, e aprobación de indemnización substitutiva por importe de 290,40 euros a favor de Noyamóvil.
- Gastos por prestación dos diferentes servizos sen contrato en vigor (mantemento ascensores, mantemento copiadores, subministración de gas e gasóleo, mantemento de sistemas de seguridade) por importe de 5.341,63 euros a favor de diferentes provedores.
- Gastos por prestación do servizo de mantemento de iluminación pública e ornamental, nos meses de febreiro e marzo de 2020, e aprobación de indemnización substitutiva por importe de 154.576,92 euros a favor de Ferrovial.